

**EXAMEN TIPO TEST PARA MESTRE ESPECIALIDADE AGAR0209: ACTIVIDADES AUXILIARES EN APROVEITAMENTOS FORESTAIS, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE PROXECTOS (9 MESES) PARA O OBRADOIRO DE EMPREGO "Touro-Boimorto- O Pino"**

**NOME E APELIDOS:**

**D.N.I.**

**Cada resposta correcta do exame tipo test valórase con 1,00 punto, cada resposta incorrecta resta 0,25 puntos e as respostas en branco non descontan. Total 14 puntos.**

**Tempo de realización 45 minutos.**

**1. Nos obradoiros duais de emprego, a compatibilidade entre formación e traballo efectivo implica que:**

- A) A formación sexa sempre independente á xornada laboral
- B) O traballo realizado careza de valor produtivo
- C) A actividade laboral estea vinculada directamente á formación impartida
- D) O alumnado sólo realice prácticas dentro das obras do Obradoiro de emprego

**2. O proceso de selección do alumnado-traballador nos obradoiros duais de emprego corresponde fundamentalmente:**

- A) Á Inspección de Traballo
- B) Á entidade promotora en coordinación co Servizo Público de Emprego
- C) Ao SEPE
- D) Á representación dos concellos promotores exclusivamente

**3. A natureza dos certificados de profesionalidade caracterízase por:**

- A) Ser títulos educativos oficiais
- B) Acreditar competencias profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións
- C) Acreditar competencias académicas e profesionais do Catálogo Nacional de Cualificacións
- D) Ser exclusivamente autonómicos

**4. A metodoloxía didáctica máis adecuada nun obradoiro dual é aquela que:**

- A) Se centra exclusivamente na transmisión teórica
- B) Prioriza aprendizaxes significativas e contextualizadas
- C) Prioriza a resolución de problemas reais
- D) Prioriza a participación activa do alumnado-traballador

**5. Na formación de persoas adultas, o principio de funcionalidade implica:**

- A) Aprender contidos vinculados á práctica
- B) Relacionar a aprendizaxe co contexto profesional e vital
- C) Aplicar a formación teórico-práctica
- D) Excluir experiencias previas do alumnado

**6. No seguimento formativo do alumnado-traballador, a avaliación continua cumpre unha función:**

- A) Exclusivamente reguladora da aprendizaxe
- B) Limitada ao control de asistencia
- C) Diagnóstica e reguladora da aprendizaxe
- D) Puramente administrativa

**7. A coordinación docente nun obradoiro dual resulta esencial para:**

- A) Buscar a integración teoría-práctica
- B) Garantir coherencia entre programación, execución e avaliación
- C) Reducir a participación do alumnado
- D) Eliminar adaptacións metodolóxicas



8. No ámbito da prevención de riscos laborais, o principio de acción preventiva establece:

A) Adaptar o traballo á persoa

B) Priorizar sempre a protección individual

C) Priorizar a automatización

D) Evitar avaliacións de riscos

9. As medidas de protección colectiva:

A) Teñen prioridade sobre as individuais

B) Son voluntarias se existen EPIs

C) Só se aplican en grandes obras

D) Substitúen a planificación preventiva

10. Un risco derivado da manipulación manual de materiais en revestimentos é:

A) Fatiga musculoesquelética

B) Exposición nuclear

C) Hipotermia extrema permanente

D) Contaminación radioactiva

11. O control documental da prevención nun obradoiro dual debe incluír:

A) Exclusivamente contratos laborais

B) Avaliación de riscos, información e formación preventiva

C) Avaliación de certificados académicos, información e formación preventiva

D) Únicamente partes prevención de riscos

12. A adaptación dos obradoiros ás necesidades territoriais permite:

A) Mellorar a empregabilidade do alumnado

B) Mellorar a calidade da formación

C) Mellorar a coordinación institucional

D) Apoiar ás certificacións profesionais

13. Cal non é unha unidade de competencia AGAR0209

A) Colleitar froitos, sementes, fungos, plantas e outros produtos forestais comercializables

B) Realizar actividades auxiliares en tratamentos selvícolas

C) Realizar actividades auxiliares en aproveitamentos madeiros

D) Realizar actividades auxiliares nas operacións de descorche

14. Cal é unha técnica de desembosque:

A) Mediante descarga e transporte

B) Por empuxe

C) Manexo do cabrestante

D) Todas son correctas



**PREGUNTAS DE RESERVA:**

**1. A aprendizaxe baseada en tarefas reais favorece:**

- A) Transferencia de competencias ao contexto laboral
- B) Memorización de tarefas manuais e mecánica exclusivamente**
- C) Memorización de tarefas manuais e mecánicas
- D) Memorización da práctica profesional

**2. A planificación didáctica nun obradoiro dual debe principalmente:**

- A) integrar completamente teoría e traballo efectivo en obra
- B) Relacionar obxectivos, actividades, recursos e avaliación**
- C) Limitarse ao calendario laboral
- D) todas son correctas

**3. O traballo colaborativo no contexto formativo contribúe a:**

- A) Reducir habilidades sociais
- B) Mellorar competencias transversais e resolución de problemas**
- C) Eliminar responsabilidades individuais
- D) Substituír a aprendizaxe técnica



